

BANDO INFORMATIVO

APERTURA DO PRAZO DE SOLICITUDE DAS AXUDAS URXENTES DE TIPO SOCIAL (AUXS) PARA EVITAR OS CORTES DE SUBMINISTRACIÓN ELÉCTRICA ÁS PERSOAS MÁIS VULNERABLES

MANUEL MIRÁS FRANQUEIRA, ALCALDE do Concello de Oroso (A Coruña)

INFORMA: Da apertura do prazo de solicitude das axudas urxentes de tipo social (AUXS) para evitar os cortes de subministración eléctrica ás persoas economicamente máis vulnerables .

TIPO DE AXUDA: Axudar ao pagamento da **factura eléctrica aos consumidores vulnerables severos en risco de exclusión social** e, deste xeito, asegurar a este colectivo o acceso continuado á subministración de enerxía eléctrica na Comunidade Autónoma de Galicia.

Actuacións e gastos subvencionables

Os gastos subvencionables serán o 50 % do importe das facturas de electricidade, correspondentes á vivenda habitual do solicitante acollido á tarifa de último recurso (TUR) para consumidor vulnerable severo, que estean pendentes de pagamento e emitidas antes do 30 de novembro de 2019 por unha comercializadora de referencia que teña asinado un protocolo de colaboración coa Consellería de Economía, Emprego e Industria para evitar os cortes de subministración.

Contía

A contía da subvención será unha cantidade fixa máxima por solicitante de 300 €/ano, ou de 450 €/ano no caso de familias numerosas, que se irá pagando segundo a comercializadora remita as correspondentes facturas á Dirección Xeral de Enerxía e Minas.

Persoas beneficiarias

Persoas residentes na Comunidade Autónoma de Galicia que teñan a consideración de consumidor vulnerable severo en risco de exclusión social.

REQUISITOS DAS/DOS SOLICITANTES:

- Ser residentes na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Ser o titular do contrato de subministración eléctrica. (*Ás persoas en aluguer asístelles o dereito a solicitaren ser titulares das subministracións da vivenda alugada*)
- Ter contratada a tarifa de último recurso (TUR) con aplicación do bono social de consumidor vulnerable severo (desconto do 40 %), para o que deberán cumprir os límites de renda establecidos.
- Estar en risco de exclusión social, o que será acreditado mediante certificado ou informe social expedido polos servizos sociais.
- Non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario, recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións.

LUGAR DE INFORMACIÓN: Departamento de Servizos Sociais do Concello. Rúa do Deporte (baixo), Sigüeiro, Oroso. CITA PREVIA no teléfono : 981 688 950

PRAZO DE PRESENTACIÓN: O prazo de presentación de solicitudes rematará o 30 de novembro de 2019.

MÁIS INFORMACIÓN: (Diario Oficial de Galicia nº 32 do 14/02/2019)
Oroso 26 de febreiro de 2019.

Manuel Mirás Franqueira

PRAZA DE ISAAC DIAZ PARDO, 1 | 15888 SIGÜEIRO - OROSO (A CORUÑA) | T 981 691 478 | F 981 691 786 | info@concelloroso.com

www.orosoe.es | www.concelloroso.com